

Olga Glapshun

Tradutor: **José Estévez López***

Feministas

Drama

(Todas as coincidencias con persoas ou países son aleatorias)

Personaxes:

Inna, una ucraíniña de mediana idade, a miúdo sorrinte, incluso se fala de cousas tristes, na súa voz sempre se sente un cambio no estado de ánimo, das emociónes.

Emma, cidadá dun dos países europeos, de idade indeterminada, sempre seria, por non dicir desgustada, fala, polo xeral, con voz apática.

Os acontecementos teñen lugar nun país de Europa occidental. As mulleres pasean tranquilamente por un pequeno parque, con árbores separadas, bancos pintados coas cores do arco da vella. No fondo hai un parque infantil. **Emma** ten un pequeno bolso nas súas mans, **Inna** ten un bolso máis grande.

INNA. (*Sorrindo, con voz alegre.*) Deliciosísimo o café nesta cafetería...

EMMA. (*En ton indiferente.*) Normal. Fágoo eu mellor na casa...

INNA. (*Cunha lixeira sorpresa.*) Pódese preparar na casa unha espuma tan bonita, tan suntuosa? Ademais, o que bebemos na casa todas as mañás, afacémonos a el e xa non o valoramos... E cando entras nun sitio como este, mesmo se estás soa, sentes certa comunicación... Cada cafetería, como moitos outros lugares, ten a súa propia lingua...

EMMA. (*Con burla.*) Que idioma pode ter unha cafetería?

INNA. Ben... (*Alegremente.*) Eu ata quería chancelo co camareiro, preguntándolle: "E o café será máis tarde?"

EMMA. Non o entendo...

INNA. (*Sorrindo.*) Xa que na cunca había tanta espuma, que parecía que non había café debaixo... (*Rindo.*) Entón deberían traer o café máis tarde... (*Cunha lixeira decepción debido á incompreensión de Emma.*) Bueno, pedimos café... non?

EMMA. Non creo que el tamén o entendese.

INNA. Pode ser. Na maioría dos casos aquí nunca me entendían, —especialmente nos primeiros anos,— cando trataba de chancelar. (*Con emoción.*) Ás veces caía en tales malentendidos que logo apenas saía deles. Quedábame sorprendida: como foi posible tomar as miñas palabras así? Estaba segura de que o expresaba claro... Mesmo me prometía a min mesma que nunca chancelaría en idiomas estranxeiros... É perigoso!.. (*Rindo.*) Pero non deixo de facelo...

EMMA. (*Coa voz seria.*) E que necesidade hai diso?

INNA. (*Cunha lixeira sorpresa.*) Ben, non o sei... Os ucráinos nunca deixan de chancelar... Mesmo agora... E o meu pai sempre chancelaba... talvez, por iso... Mesmo, nos seus últimos días, cando sabía que tiña unha enfermidade terminal... (*Suspiro triste.*) Risoterapia...

EMMA. Aquí temos boa medicina...

INNA. (*Pensativa.*) Que si... pero...

EMMA. Imos sentarnos un pouco. Más preto das árbores... lonxe do ruído dos nenos...

INNA. (*Sorrindo.*) Eu ás veces séntome preto do parque infantil e ríome tanto mentres vexo aos nenos que aínda máis tarde continúo sorrindo, lembrando o divertidos que son...

EMMA. E as mamás non te miran como a unha tola?

INNA. Ben, estou a rirme no meu interior, discretamente... Admiro aos nenos, quéroos...

EMMA. Todo o mundo ama aos pequenos. E logo, cando crecen...

INNA. Imos a ese banco. (*Emocional.*) Que beleza! Sentámonos como sobre o arco da vella!..

EMMA. (*Con burla.*) Muller, isto é só un banco no parque...

INNA. (*Convincente.*) Non "só"!.. O é... (*Pensativa.*) ... unha adecuación humana, un desexo de ver o mundo colorido, e non aburrido, gris... Especialmente onde a xente vén descansar, a esquecer... (*Cunha amarga ironía na voz.*) Agora en Rusia por un debuxo do arco da vella, ou por exemplo, por uns colgantes ou outra cousa en forma de arco da vella, podes ir ao cárcere...

EMMA. (*Con incredulidade.*) Por que?

INNA. Non ves as noticias?

EMMA. As noticias son política e mentira... Prefiro ver unha telenovela, é a vida...

INNA. (*Con franca sorpresa.*) A telenovela é a vida?.. (*Cambiando o ton.*) Pois ben... É que o arco da vella e, en xeral, as súas cores agora están prohibidos alí, din, que iso é propaganda LGBT... Sobre as cores da bandeira ucráina, nin sequera se fala! Unha xornalista foi acusada de ser unha "axente estranxeira" por poñer a súa foto en redes sociais cunha chaqueta amarela cun fondo dun ceo azul...

EMMA. E que facer cando o arco da vella aparece no ceo despois da choiva?

INNA. Será como na película: "Non mires arriba"...

EMMA. Vaaale... Saqueite de casa para afastarte das noticias e para que te esqueceses un pouco da guerra...

INNA. *(Con tristeza.)* Como se pode esquecer?.. *(De súpeto con vivacidade.)* Oh! Décheste conta de que un home deixounos pasar cando baixabamos as escaleiras? É como se meteuse na parede... E cando mirei por un momento, apenas me inclinou visiblemente a cabeza... *(Mostra unha lixeira inclinación coa cabeza.)* Que elegancia! Mmm... Mesmo me arrepentín de non poder deixar caer inadvertidamente a miña luva preto del, como o fixeron as damas en séculos pasados, ou un pano con iniciais bordadas... e empezar a coñecelo... *(Rindo.)* Ben, non tirar un pano de mesa de papel debaixo dos seus pés... Imaxino como o impresionaría!.. *(Segue rindo.)*

EMMA. *(Con voz seria.)* Dis elegancia? É machismo puro...

INNA. *(Con gran sorpresa.)* Queeee? Onde? Que queres dicir?.. Se todos os machistas son así, gustaríame ter un... *(Rindo.)* Amansalo...

EMMA. Humilloute como persoa... Salientou como que non podes vivir soa, sen a súa axuda... Que es máis débil... unha persoa defectuosa...

INNA. *(Ironicamente.)* É dicir, se me dese co seu cóbado debaixo das costelas no paso onde é difícil cruzarnos, entón, mesmo eu tería que agradecerlle que fixese tan orixinal declaración de igualdade...

EMMA. Non, entón chamaríase malos tratos, e el tería que sufrir un castigo... Por que os homes cren que é o seu privilexio deixar que unha muller pase primeiro?

INNA. *(Rindo.)* Para quentar a auga...

EMMA. Non entendo...

INNA. Hai unha broma-consello para os homes nun balneario (ou na praia, ou no mar): "debes ir gradualmente á auga: primeiro os nenos, daquela a muller, despois ti mesmo"... *(Ri.)*

EMMA. *(En serio.)* Que ten iso que ver?.. O que quero dicir é que facer un favor a alguén depende de como se desenvolvan as circunstancias, e non por pertencer a certo xénero. Ti tamén o farías se tiveses que deixar pasar a un home. Son calidades persoais. E el salientou que o fixo como máis forte en relación ao máis débil...

INNA. Que circunstancias poderían darse alí? Nas escaleiras... Poderíamos pasar tranquilamente, ningún accidente ameazou a ninguén... Pero o home deunos a oportunidade de facelo libremente, mostrou o seu respecto por nós... *(Emocional.)* Ben, non o entendo... Que ten de malo?..

EMMA. *(Con burla.)* Gústache tanto? É tan importante que che deixen pasar, que che abran a porta?.. Seica che gusta que paguen o teu café ou a túa cea?..

INNA. Sabes, algunhas portas son tan pesadas que lle dou as grazas tres veces a ese home que mas abre... En relación co café... podo pagar tranquilamente os dous... O prezo por café non é unha cousa para mostrar "altos principios"... Mesmo pode parecer ridículo cando tomas un café cun home e ao final te obstinas como un boi por pagar o teu mesma... E cando ceo con alguén, sempre teño diñeiro comigo e ofrézome a pagar por min mesma... Especialmente aquí, nun país estranxeiro, aínda

que non é tan diferente do meu, pero... E non me pasa tan a miúdo... *(Sorrindo.)* Hai tempo que rexeito as diferentes propostas dos homes...

EMMA. *(Con ton de investigador.)* E antes? Encantábanche os agasallos caros dos homes, as flores? Ou talvez deixácheslles facer o que eles quixesen?..

INNA. *(Con indignación.)* Oh, Deus!.. Non me gustan os agasallos en xeral!.. Aínda que os aceptaba gustosamente do meu ex... Pero eu tamén lle facía algunhas sorpresas agradables! É parte da relación entre amantes... E non necesariamente caros... E as flores?.. *(Con notas románticas na voz.)* O máis valorado e para min para sempre será aquel ramo de margaridas simples que unha vez me regalou un mozo tímido... Oh, primeiro amor!.. *(Unha voz moi diferente, anoxada.)* E deixar facer o que a alguén se lle antolla... En calquera relación... *(Cunha ameaza na voz.)* Gustaríame ver a esta persoa!.. *(Con certo orgullo.)* E xa sabes, entre os ucraínos antigos reinou o matriarcado! Ben... así o afirman algúns historiadores... Pero hai rexións nas que, non hai moito tempo, tradicionalmente unha moza elexía ela mesma ao noivo! E aquí está o feito histórico: cando Solimán o Magnífico coñeceu a Roxelana, esqueceu para sempre o camiño ao harén!..

EMMA. Non sei de quen estás a falar...

INNA. *(Cun reproche xocoso.)* Eh, non sabes nada de nós... Atopareino agora coa axuda da Wikipedia... *(Saca o móbil da bolsa, comeza a buscar rapidamente algo nel.)* Debe haber artigos sobre ela en todos os idiomas... Aínda que, non me sorprendería se nalgún deles tivese información de que ela é rusa... Atopei algo así máis dunha vez... *(Con indignación.)* Mesmo sobre os cosacos ucraínos!.. Como é posible ter tanto lea na cabeza?.. *(Atopa o necesario no móbil.)* Aquí! *(Le por un momento cos ollos. Mostra a Emma.)* E ben... Todo é correcto, Mira: a ucraína converteuse na esposa do Sultán... e mesmo influíu na situación política!.. *(Romántica.)* El dedicáballe os seus poemas... *(Con entusiasmo.)* Só pensa: Turquía do século XVII! Nos días en que as mulleres só tiñan o seu lugar no harén! *(Sorrindo.)* Por tanto, non me acuses dalgún tipo de submisión ou de falta de sensación de autosuficiencia persoal... Os xenes, querida!

EMMA. De calquera modo falas, en primeiro lugar, como muller, non como persoa. Pero, o máis importante nun é a súa personalidade! E todas as decisións deben tomarse en función diso! Non se debe sentir constantemente a pertenza a un xénero en particular...

INNA. *(Emocional.)* Caramba! Falo como unha persoa que é unha muller!.. Quéirao ou non! Non é algo artificial, é normal! Dime, non che importa se alguén decide cambiar de sexo?

EMMA. Por suposto que non. Está no seu dereito. Tamén é cuestión da súa liberdade de elección persoal...

INNA. *(Con ton de gañadora.)* E aquí estás! Contradiste a ti mesma!.. Por que a xente o fai? É polo feito de que identifican a súa pertenza a un xénero en particular. Se só se sentisen como unha persoa, sen signos sexuais, sensacións, por que deberían facelo? Vive en calquera corpo e non te molestes... Si que hai unha diferenza... Pero, por suposto, isto non é algo no que debemos pensar constantemente ou dalgunha maneira preocuparnos, senón que, nalgúns casos, é ela a que dita o noso comportamento como o dos homes...

EMMA. *(Con astucia na voz.)* E cal é esa diferenza?

INNA. (*Emocional.*) Hai unha chea! Son fisicamente tan forte como un home? Nadiña de nada! E, en xeral, fisioloxicamente, somos diferentes! (*Ironicamente.*) Que un home dea a luz! A menos que, por suposto, sexa o protagonista Schwarzenegger da película... como se chamaba... Junior...

EMMA. Todo iso non ten ningunha importancia...

INNA. (*Con indignación.*) Eeeeh... Como que non ten? Crees que cada muller que lle vén a regra vai conquistar o Everest? Se algunha neses días se sobe ás paredes coa dor! Ou talvez debería arriscar ao seu futuro neno para demostrar o forte que é, se hai algún risco de perder o seu bebé e hai que coidalo? Aí é onde termina a "igualdade"! Entón, o home —que é moito máis forte e non está embarazado nin por un segundo— ten que arrimar fortemente o seu ombreiro!..

EMMA. En primeiro lugar, unha muller así debe acudir aos médicos... Como, por certo, calquera home, se ten algún problema de saúde... Porque é coma se estiveses a falar dunha especie de constante: a muller sempre é débil e o home sempre é máis forte...

INNA. A enfermidade é un accidente, ninguén é inmune... E xa sabes, non só os médicos... ás veces, o amor e o coidado de alguén poden facer un milagre e sandar...

EMMA. Es sentimental... mesmo, patética...

INNA. E iso non pode ser parte da miña personalidade? O teu xuízo é algo unilateral... só te refires a que non se deben sentir diferenzas cos homes... Creme, apoio ás feministas, impórtame que as mulleres teñan a oportunidade de desenvolver as súas calidades individuais, os seus talentos, para que, sobre unha base de xénero, as mulleres non estean limitadas en postos, títulos... Que, ao final, sexan respectadas, é fundamental! E, creme, entón non haberá ningún problema! Pero ao mesmo tempo, hai que ter en conta as propiedades fisiolóxicas, que non teñen nada que ver coa súa forza de vontade interna, coa persistencia que elas posúan... Creo que non é necesario demostrar cantos logros obtiveron as mulleres, que loitadoras son en todas esferas, mesmo nas batallas da guerra... (*Con firmeza na voz.*) E, por suposto, todos os maltratadores deben ser castigados! Creo que eu mesma loitaría contra iso... resistiría...

EMMA. Teño unha curiosidade, e que farías exactamente?

INNA. Non sei... Se dis que todos somos iguais... Así que podemos algo tamén... Contareiche unha vella anécdota, da época soviética...

EMMA. (*Con burla.*) Oh, esta muller non pode vivir sen bromas... A ver se o entenderei...

INNA. (*Cun ton de contadora de contos.*) Sabes, probablemente, que a Unión Soviética unía 15 repúblicas. Todos eran de diferentes nacionalidades, coas súas propias tradicións, normas de comportamento, incluído a relación coas mulleres. A pesar disto, a miúdo formáronse parellas entre diferentes nacionalidades. Así que unha vez, unha muller ucraína casou cun tayiko, que resultou ser, como dirían agora, un machista. Alí e aínda agora, din, existe a poligamia, aínda que non é oficial. Entón el dille: cando chegue a casa e a miña tubeteica (esa é unha gorra redonda típica) estea case na caluga, significa que estou de bo humor, tróuxenche un agasallo, serei amable e cariñoso contigo, pero cando a a miña tubeteica esvare sobre a miña fronte, significa que estou enfadado e, mellor, non caias na miña man. A ucraína respóndelle: Ben, meu amor. E ti lembra: se te atopo, e as miñas mans están entrelazadas no peito, entón prepareiche un delicioso borsch e os varéniki, serei unha esposa

tenra e amorosa, pero cando vexas que me atopas poñendo as mans nas cadeiras, entón, debes saber que a min dáme igual, onde está a túa gorra... (Ri.)

EMMA. (Con voz seria.) Non entendín...

INNA. (Cunha gran decepción finxida.) Ou... Pois, as ucráínas, cando están enfadadas, ou cando se meten nalgo complicado, adoitan poñer as súas mans nas cadeiras... ou os puños na cintura... Así... (Demuestra. Continua con ton máis serio.) Afortunadamente non me sucedeu nunca ter que cruzarme con diferentes misóxinos... En realidade, non sei como reaccionaría... (Rindo.) Talvez nunca me dei conta deles, porque a miña atención sempre se sente máis atraída polos que se arriman á parede para deixarme pasar, ou me estenden a man para axudar...

EMMA. (Con sarcasmo.) Talvez tamén te biquen...

INNA. Nalgúns casos románticos... un bico na man, non en calquera outro sitio, achega maior pracer... (En ton conciliador.) Ben, poida que ata certo punto teñas razón, pero, sabes, ensináronme así desde que era nena, —na casa, na escola...

EMMA. É por iso que o machismo prospera xa que desde a infancia xa se empeza a poñer na cabeza dos nenos, que a muller é débil e o home é forte, e este macho comeza a sentir a súa superioridade...

INNA. Ben, entón non o puxeron con xeito na súa cabeza, non lle deron unha idea correcta de como e en que casos debe exercer a súa forza...

EMMA. Poderíase pensar que no teu país todos os homes levan ás mulleres nos seus brazos...

INNA. (Con tristeza.) Se fose así... (Cambiano o ton.) Pero novamente estamos a falar de cousas diferentes: a personalidade non implica igualdade abstracta, senón só en canto de humano hai nunha persoa, non importa se é muller ou home... A raíz do comportamento está no outro: unha persoa boa e ben educada nunca recorrerá á superioridade sobre outra persoa, xa sexa do propio sexo ou do sexo oposto... Se non fai nada malo ao seu semellante, o machismo desaparecerá por si só...

EMMA. Creo que quedaremos cada unha co noso... Mellor cambiar de tema... Xa sabes, na Praza Maior, finalmente completouse a restauración, hai novos azulexos por todas partes... Súper cómoda para camiñar... Imos mañá?

INNA. (Con poucas ganas.) Vale...

EMMA. Por que tan pouco entusiasmo?..

INNA. Que non... Gustaríame velo... Só, pensei de inmediato... (Cun sorriso amargo.) Sabes, desde cando empezou a guerra... Estou a mirar sen parar estes vídeos, onde as nosas cidades e pobos convértense en ruínas, e sempre cando paso por algún tipo de construción, especialmente se se prolonga durante moito tempo, creo que, por Deus, canto tempo se necesita para reconstruír todo... E aínda máis, o corazón contráese cando pensas canto tempo se necesita para liberar a nosa terra...

EMMA. Grazas a deus aquí non hai ningunha guerra... (Emite unha breve risa.) Se se pensa así, simplemente todo se converterá en envexa...

INNA. (Ofendida.) Pero, que bobada! Para min, ver que algo cambia ao meu redor, que algo mellora, iso sempre me anima e inspira! Pero non tes idea do difícil que é darse conta de que non hai

un día, especialmente unha noite, en que as bombas non caían sobre Ucraína, en que non lancen foguetes... (*Con emocións.*) Creme, isto sucede involuntariamente! Aquí escoito como os nenos se rin despreocupadamente, e inmediatamente na miña cabeza: Cantos nenos ucráinos asustados se esconden neste momento nos refuxios antiaéreos! E menos mal, se ninguén está ferido, ou se non está... Ou Deus meu... (*Tapa a cara por un momento coas mans, logo mira cara arriba.*) Mira que pacíficas e brancas raias no ceo dos avións... Encántame mirar ao ceo, ver como se moven e cambian as nubes... e os ronseis tamén... Alguén está a viaxar... É marabilloso!.. Pero ultimamente teño inmediatamente ante os meus ollos unha imaxe do ceo ucráino: estas terribles pegadas da derriba de mísiles, drons, do fume negro de incendios interminables... Só por un momento se pode esquecer todo isto... (*Suspirando en voz alta.*) E non hai remedios...

EMMA. (*En ton edificante.*) Hai que pensar en como lograr a paz... Negociar...

INNA. (*Visiblemente nerviosa.*) Non escoitas que tipo de paz quere Rusia? Por suposto, con só mirar telenovelas... Así que che direi eu: mesmo queren máis territorio do que conquistaron... Queren establecer o seu propio réxime imperial para nós e ditar as súas condicións! Ves o que é a liberdade en Rusia? Que fan coa oposición? E cal é o nivel de vida daqueles que non viven na capital ou en cidades grandes? A impresión é que acaban de ter algún tipo de devastación! Para eles, a única maneira de mellorar a súa situación é ir matarnos por diñeiro!.. E quen non queira, será forzado!.. Non lles gusta o noso goberno... Que lle importa o noso goberno, a nosa vida! Por que dereito?! Trata co seu!

EMMA. E ti mesma estás contenta co teu goberno? Recordo que non estabas tan "pro" cando viñeches aquí...

INNA. Direiche máis: estaba ofendida co meu país, por aquela orde (sería mellor dicir, desorde) que existía entón... De moza, estando na flor da idade, perdera moito economicamente e non só iso... Como din os chineses: o peor é vivir nun período de grandes cambios... Non me desanimei... pensei que podería empezar de cero e lograr moito máis... Pero, en realidade, tiña que ocupar á vez varios postos, varios traballos, porque nesa época o soldo era unha miseria... E todos os meus anos produtivos gastáronse nalgún tipo de supervivencia... Xa sen esperanza, como un limón espremido, cheguei aquí... Non viña buscar grandes ganancias, facíao no meu país... Xa era tarde para empezar unha vida nova... Vin aquí só para vivir... Así, como sempre soñei... Esta foi a miña pequena protesta, que realicei reunindo as últimas forzas...

EMMA. Pois, goza da vida! Estás a salvo agora! A moitos dos teus compatriotas gustaríalles estar no teu lugar!

INNA. Como non o entendes? O que sentín antes non importa agora! Se algunha vez estiveches enfadada con alguén da túa familia a quen non deixas de amar, non te preocuparás por el cando estea en problemas? Non o compadecerás, non quererás axudarlle?..

EMMA. Ben, estás a axudar...

INNA. Non é tanto... Non son unha oligarca... Ademais, coñeces as miñas circunstancias actuais... Pero non é iso... o asunto é completamente diferente... A independencia oficial que obtivemos no 91 non significaba que xa a tivéssemos realmente! Seguimos loitando paso a paso todos os días de novo... É que moitas cousas cambiaron desde entón...

EMMA. (En ton seguro.) Non creo que moito... Se agora estades en guerra...

INNA. Que podes dicir de nós, desta guerra? Non sabes nada diso, e nin sequera queres saber, pero estás segura dos teus consellos!..

EMMA. E que se pode aconsellar onde hai unha guerra? Alcanzar rápido a paz! Non dar armas, diñeiro para armas... E acabárase!..

INNA. (*Con indignación.*) Por Deus! Non podo crer que me digas iso?

EMMA. (*Francoamente.*) E que é que o digo? Se houber dous pelexando no parque, ías intervir? Que nos importa? Que se pelexen, despois xa se irán por lados distintos, e xa se acabou... Non, só estou a favor da axuda humanitaria... Porque, por suposto, a xente necesita moitas cousas, comida... E mesmo unha vez levei algo ao momento de axuda a Ucraína...

INNA. E crees que este é un exemplo apropiado? Na guerra non hai dúas persoas que loitan, senón dous partes: o agresor e o que se defende! E estamos agradecidos de que así o pensen a maioría dos vosos políticos e cidadáns... Non comezamos esta guerra, non queremos continuar!.. Pero, agora que?.. Temos que rendernos? Non temos outra Ucraína, outra terra!.. Darías a túa casa se alguén a ocupa ilegalmente?.. Vas negociar con el, máis aínda se nin sequera pensa en devolvercha? Ou, despois de todo, vas loitar?..

EMMA. Irei a xuízo...

INNA. (*Con tristeza.*) Nós fomos e máis dunha vez... E que?.. (*Emocional.*) Talvez xa todo terminase se nos axudasen de inmediato, se nos primeiros meses esa axuda fose como agora... Estás a dicir que só estás a favor da axuda humanitaria? Que importa se nos matan famentos ou ben alimentados? Eu nunca pedín nada para min, como se adoita dicir, persoalmente, pero aquí estamos a falar de todo o pobo! Sen axuda, simplemente deixaremos de existir! Trátase de todo un país! Europeo, por certo. Que non tivo sorte co veciño, un agresor salvaxe! E cando o noso país caía, —oxalá que non!— entón teredes a este veciño! E queda por ver que vos fará, tan "valentes"! (*Expresa cos dedos "entre comiñas".*)

EMMA. Por que non somos valentes? Imos protexernos, non te preocupes... Temos os remedios...

INNA. Por que hai que esperar?.. E non declarastes todo o tempo que para vós a liberdade, a independencia, están por encima de todo? É só para uso doméstico? Seica os que agora loitan pola liberdade, morren por ela, non merecen axuda para que esta loita non sexa tan sanguenta, para que non sigan loitando coa mans baleiras?

EMMA. Non xeneralices. Teño dereito a dar a miña opinión... No meu país tamén hai problemas... E eu persoalmente teño os meus propios problemas tamén.

INNA. Non me gusta esa frase, pero este é exactamente o momento de dicirche: "quen tería os teus problemas!..“

EMMA. Por que te desenfreaches tanto? escoitei con calma a túa opinión sobre o feminismo co que non estás de acordo... Vós, os ucraínos, debedes aprender a escoitar as opinións dos demais... A semana que vén haberá unha manifestación polos dereitos das mulleres... Ven comigo, sente a atmosfera, o verdadeiro espírito feminino...

Desde o fondo do parque escóitanse berros de mulleres, ao principio apenas audibles, e logo cada vez máis fortes. As mulleres prestan oídos.

INNA. *(Con emoción.)* Parece que alguén está a gritar... Unha muller...

EMMA. *(En ton indiferente.)* No parque a miúdo alguén grita...

Os berros son cada vez máis fortes.

INNA. Que raro... Irei ver... *(Levántase e vaise.)*

EMMA. *(A Inna que se afasta.)* E que che importa?..

Desde o fondo do parque continúan os berros, intercalados cunha voz masculina anoxada: "Por que te metiches aquí? Vaite, porque tampouco o conseguirás! Todas sodes iguais!.." e a voz de Inna: "Sóltaa, cabrón!" A muller volve gritar e logo chega o silencio.

EMMA. *(Levántase, tratando de discernir algo nas profundidades do parque. Saca o teléfono da bolsa, marca rapidamente o número.)* Policía! Hai unha pelexa no parque...

Aparece Inna. Arranxa a roupa e o peiteado.

INNA. *(Con emoción, con indignación.)* Que cabrón! Un verdadeiro machista!.. *(A Emma.)* Por que non viñeches axudar?

EMMA. Chamei á policía... É asunto deles...

Escóitase a voz dun home anoxado: "Raposa! Todas sodes iguais! Maldita feminista!"

INNA. Iso díxome a min? *(Rindo. Con sorpresa.)* Chamoume feminista!..

EMMA. *(Ton insatisfeito, ironizando.)* E non só iso...

INNA. Ben, non esperaba ningún cumprido... E ti dis: só a axuda humanitaria!..

EMMA. E iso? Que ten que ver?

INNA. Porque a túa teoría é esperar a que todo termine sen inxerencia, e logo traer roupa ás vítimas, alimentalas... Por certo, isto é todo o que esa moza necesita agora, porque o seu vestido

converteuse nun trapo roto e, como mínimo, unha cunca de café non sería superflua para ela... E se esperamos a que ese cabrón termine de machucala? O vestido e o café xa non poderían ser necesarios... El podería matala tranquilamente... mesmo se non o tiña planeado... (*Con asombro e medo na voz.*) Canto odio, canta furia había nos seus ollos!.. Non, non se pode esperar tranquilamente a que alguén veña, —a mesma policía ou alguén máis,— e axude... Ou a que ese que comete tal iniquidade de súpeto se canse de facelo... Temos que axudar no momento adecuado... antes de que sexa demasiado tarde!..

EMMA. E non tiñas medo?

INNA. Tiven tempo para percibilo?

EMMA. Teño curiosidade, como o "desconectaches"?

INNA. (*Encolléndose de ombreiros, sorrindo.*) Co bolso...

EMMA. Levas pedras?

INNA. Non... (*Sorrindo.*) Un libro...

Inna saca un libro do seu bolso, móstrallo a Emma.

INNA. Mira que título máis bonito: "Amor en carne viva"... **

EMMA. (*Rindo sinceramente.*) É dicir, castigáchelo con amor...

INNA. (*Sorrindo, finxindo alta emoción.*) Eu diría "POR amor!"... (*Inesperadamente á vez seria e triste.*) Todo o temos que facer por amor... Especialmente, se é necesario axudar a alguén... A unha muller que é maltratada por un machista así... (*Con firmeza na voz.*) Ou a aqueles que loitan pola liberdade, pola súa terra... Isto non pode ser un problema só para un. Hoxe tócalle aos demais e mañá alcanzarache a ti...

EMMA. (*En ton indiferente.*) Todo iso é filosofía...

INNA. É a vida! Viches isto nas túas telenovelas? Ben, nelas pódese ver non só iso... Pero así é como pode ser en realidade... Uf!.. Cústame crer que isto sucedeu comigo... (*Pon as mans nas cadeiras.*) Nin sequera houbo tempo para poñer as mans nas cadeiras... (*Rindo. Como cando se lle ocorreu algo.*) E que che parece se volvemos de novo a este cafetería?.. Faremos unha festa de escuma...

EMMA. Imos... Creo, que agora che viría ben algo forte...

Dispóñense a ir. De súpeto, **Inna** párase, chasca os dedos coma se se lle ocorrese unha gran idea. Detén por un momento a **Emma**.

INNA. (*Con ton de conspiración.*) Talvez, ese cabaleiro aínda está alí!.. Jolín! con que elegancia: dunha vez – e contra a parede... e así coa cabeza... (*Mostra unha lixeiro inclinación da cabeza. En ton de broma.*) E que fago... Non podoo esquecelo!.. (*Arranxa o pelo.*) Como está o meu peiteado?

FINAL

Xuño, 2024. Lugo

* **José Estévez López**, escritor galego, 1954, vive en Lugo (Galicia, España)

Licenciado en Dereito, exerceu de avogado e ocupou diversos postos en diferentes administracións públicas.

Ten publicado unha ducia de libros de poemas e varias novelas, tanto en galego coma en castelán.

Como poeta, sorpréndenos con imaxes interesantes, ás veces inesperadas, un voo de fantasía, e a súa prosa ás veces caracterízase por un documentalismo vital, pero ambos están escritos con sinceridade e respiran vitalidade e amor.

Desde os seus anos de estudante (nos históricos anos 70), José ocupou unha posición social activa na vida Galega. Isto tamén se manifesta nas súas ideas creativas. Organizou actos literarios e coordinou publicacións e libros colectivos como o libro de homenaxe A Manuel María, publicado pola Deputación De Lugo, para o seu Día das Letras Galegas así como os Roteiros das Artes.

Tamén coordinou proxectos internacionais, como antoloxías de poesía con seis países, entre eles está Ucraína (este é un libro de poesía bilingüe “Galiza-Ucrania: Harmonía de Corazóns”)

** "Amor en carne viva", un libro colectivo de poesía (coordinador: José Estévez López, Galicia, España), no que tamén participou a autora deste drama.